



2013 CÁPSULAS SOBRE



La Voz de Galicia



CADRO ARTÍSTICO
AIRIOS

A Área de Educación, Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Rianxo, en colaboración con diversas institucións e entidades, ven de artellar unha ampla proposta de actividades, que de seguido se detallan, no marco da programación Actos Castelao 2013:

Venres 25 Xaneiro

20.00 h - AUDITORIO DE RIANXO

Inauguración da exposición de escultura en ferro de **Che Tembra** (datas da exposición do 25/01 ao 23/02).

20.30 h - AUDITORIO DE RIANXO

Presentación do suplemento nº 81 A Voz de Barbantia - xaneiro 2013 e do libro **María Teresa Alvajar López. Memorias dunha republicana**, de **Aurora Marco**, no que, ademais da autora, estarán presentes **Francisco Pillado**, Director de Laiowento; **Xoán Hermida**, Presidente da Comisión para a Recuperación da Memoria Histórica do Barbanza - CRMHB; **Xesús Laíño**, Presidente de Barbantia; **Che Tembra**, artista; e **Adolfo Muíños**, Alcalde de Rianxo. Intervención musical a cargo de alumnado da **Escola de Música de Rianxo**. No mesmo acto terá lugar a proxección do vídeo **Teresa Alvajar. Compromiso e paixón pola Terra**, de **Pablo Ces**.

Sábado 26 Xaneiro

12.00 h - AUDITORIO

Recital - presentación do CD de audiopoemas **RE(C)VERSO** de **Celia Parra** (con base musical rítmica e videoproxeccións) e intervención plástica do artista rianxeiro **Tantino**.

20.30 h - AUDITORIO

Teatro Express. Representación Teatral da peza “**ANACOS DE CASTELAO**” a cargo do **Cadro Artístico Airiños**

Venres 1 febreiro

20.30 h - CENTRO SOCIOCULTURAL -AUDITORIO (Salón 1º andar)

Presentación do libro de poemas **INFLAMABLE** de **Samuel L Paris** editado por Edicións Positivas (con acompañamiento musical)

Sábado 2 febreiro

12.00 h - CENTRO SOCIOCULTURAL -AUDITORIO (Salón 1º andar)

Presentación das obras biográficas **ARTURO NOGUEROL BUJÁN. Xornalista, arbitrista e financiero do galeguismo** (Ir Indo Edicións) e **ÉTICA E ESTÉTICA DE ARTURO NOGUEROL** (Editorial Auria) a cargo do autor e investigador **Jesús Fernando Román Alonso**

20.30 h - AUDITORIO

Concerto Folc a cargo de **ROI CASAL** presentando o seu derradeiro traballo discográfico **MAXICAMENTE VELLO**. Venta anticipada de entradas a través da productora do artista (www.roicasal.com)

Domingo 3 febreiro

11.00 h.-CENTRO SOCIOCULTURAL -AUDITORIO - Desenvolvemento da Asemblea anual da Fundación Castelao.

13.00 h - PASEO DA RIBEIRA Ofrenda floral e acto institucional coa intervención do Sr. Alcalde e autoridades.